

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A ORGANIZACIÓN DO CURSO DE CAPACITACIÓN PARA O DESEMPEÑO DA FUNCIÓN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio polas partes ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización.

O instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre a EGAP e a Consellería de Política Social e Igualdade para o desenvolvemento conxunto do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais dirixido ao persoal inspector dirixido ao persoal inspector de servizos sociais dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia, en situación de servizo activo ou asimilada.

De non cubrirse todas as prazas polo persoal inspector de servizos sociais, poderá participar outro persoal funcionario público dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.

Entre as entidades asinantes existe converxencia de intereses en orde a consecución do obxectivo referido.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697

inspeccion.centros@xunta.es



O instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que ambas partes consideran de mutuo interese colaborar na organización e desenvolvemento do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección para o cal levarán a cabo as seguintes actuacións:

1ª Actuacións que levará a cabo a Consellería de Política Social e Igualdade

- a) O financiamento das actividades derivadas deste convenio mediante a achega das cantidades sinaladas na cláusula quinta.
- b) O establecemento do programa formativo do curso, o seu calendario, o persoal docente e o número de persoas destinatarias da acción formativa resultante do previo procedemento de selección.
- c) O seguimento das probas de cada módulo.
- d) A realización da proba final.
- e) A proposta da lista do alumnado que supere o curso para a expedición do certificado acreditativo pola EGAP.

2ª Actuacións que levará a cabo a EGAP:

- a) A xestión do proceso de matrícula no curso e a proposición da selección das persoas solicitantes, confirmada posteriormente pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- b) A posta a disposición da súa plataforma informática e das súas instalacións para o desenvolvemento do curso.
- c) A expedición do certificado de aptitude do alumnado que supere o curso.
- d) A avaliación das actividades derivadas deste convenio mediante o cuestionario de satisfacción que porá a disposición do alumnado ao remate da acción formativa.



Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

- A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e cos seus medios persoais e materiais. A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio corrente.
- A Consellería de Política Social e Igualdade achegará un importe de 10.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 11.01.311A.226.06 dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024, para a realización da actividade "Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais".

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a realización dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

María Francisca Gómez Santos

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697

inspeccion.centros@xunta.es



Secretaría xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 957 696, 981 957 681
Fax: 981 957 697

inspeccion.centros@xunta.es

